

ELISEO LOJO RUIBAL, en calidade de Secretario Accidental do Concello de Marín,

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na súa sesión celebrada o día 29 de agosto de 2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Aprobación do expediente de contratación, mediante procedemento aberto, do contrato de “Servizo de redacción dos plans especiais de protección e reforma interior dos dous ámbitos delimitados polo PXOM como zonas ambientais de casco antigo (Z.A.C.A.) Concello de Marín.” (Expte.: 2024 CO143-006).

ANTECEDENTES

1º.- O Plan Xeral de Ordenación Municipal –en adiante PXOM- do Concello de Marín, aprobado definitivamente por Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 27.06.2012 (DOG do 09.07.2012 e BOP do 15.10.2012), fai referencia ao plantexamento dun Plan Especial de Protección e Reforma Interior (en adiante PEPRI) durante a fase de redacción do Plan Xeral pero optan por “manter a zona tal e como estaba, polo que respecta ao trazado viario, con pequenos axustes de aliñacións, mais cun rango de protección (...) dada a situación actual e a falta de adecuación urbanística e de xestión, pois sería inviable acometer nestes momentos en Marín unha proposta de PEPRI que producise unha liberalización e recuperación de espazos, así como a procesos de equidistribución. Así pois, nestas zonas procúrase manter a tipoloxía e características actuais, á espera da redacción dun Plan Especial de Protección”.

No artigo 229 do PXOM defínense os ámbitos de aplicación das Ordenanzas Especiais para as ZACA de maneira provisional, “en tanto en canto non se desenvolva o correspondente Plan Especial de Protección”.

O obxecto desta contratación é a redacción do PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DOS NÚCLEOS HISTÓRICOS DE SANTA MARÍA DO PORTO E DE CANTODAREA do Concello de Marín.

Estes dous ámbitos sitios no centro urbano veñen delimitados no PXOM como Zonas Ambientais de Casco Antigo (en adiante ZACA), nos planos C-3, C-2 e C-5 de clasificación do solo a escala 1/2000 e nos planos APXOU-2, APXOU-3, APXOU-4, APXOU-5 e APXOU-7 de ordenación detallada a escala 1/1000 de aliñacións, parámetros, xestión, ordenación e usos en S.U. e S.U.D. con determinacións dende o Pxm.

CSV: 07E80014890300T8A7A2F7K6H2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80014890300T8A7A2F7K6H2 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE : 2024SE001-104
	ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 30/08/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 30/08/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/08/2024 11:17:33	Fecha: 22/08/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL



-Z.A.C.A. DE SANTA MARÍA DO PORTO, sita entre a Escola Naval Militar e a estrada vella a Pontevedra, no cal a maioría das parcelas contan con edificacións ou construcións e algunhas están baleiras sen uso; comprende unha extensión superficial aproximada de 7.61 ha.

-Z.A.C.A. DE CANTODAREA, sita no límite co concello de Pontevedra, á súa entrada dende a autovía de Marín, no cal a maioría das parcelas tamén están construídas pero as baleiras están adicadas a hortas ou cultivos para uso propio; comprende unha extensión superficial aproximada de 5.55 ha.

2º.- O día 3 de xullo de 2024, por acordo da Xunta de Goberno Local, acórdase iniciar a tramitación do expediente de contratación, mediante procedemento aberto, do contrato de “Servizo de redacción dos plans especiais de protección e reforma interior dos dous ámbitos delimitados polo PXOM como zonas ambientais de casco antigo (Z.A.C.A.) Concello de Marín”.

3º.- Incorporáronse ó expediente os preceptivos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e de prescricións Técnicas (PPT), segundo os cales se tramita un expediente de carácter ordinario.

5º.- Entre a documentación preparatoria do expediente consta a memoria xustificativa da necesidade, idoneidade e eficiencia do contrato, coa cal se dá cumprimento ó disposto no artigo 116.4 da LCSP. Consta tamén informe de insuficiencia de medios, ao tratarse dun contrato de servizos, dando cumprimento ó artigo 116.3 da LCSP.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- Lexislación aplicable. Resultan de aplicación ao seguinte expediente as previsións contidas nas seguintes normas:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE -LCSP 2017-.

- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas -RGLCAP-. (artigos vixentes tras a entrada en vigor do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio).

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local - LBRL-.

- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia -LALGA.

Supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as de dereito privado.

CSV: 07E80014890300T8A7A2F7K6H2

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80014890300T8A7A2F7K6H2 en https://sede.concellodemarin.es</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 30/08/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 30/08/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/08/2024 11:17:33</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-104 Fecha: 22/08/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---



Segundo.- Obxecto do contrato e delimitación do tipo contractual.

O obxecto desta contratación é a redacción do PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DOS NÚCLEOS HISTÓRICOS DE SANTA MARÍA DO PORTO E DE CANTODAREA do Concello de Marín.

A contratación obxecto deste informe corresponde a un contrato de servizos dos definidos no artigo 17 da Lei 9/2017, d e 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP). De acordo coa definición contida no mencionado artigo, “son contratos de servizos aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministro, incluíndo aqueles en que o adxudicatario se obrigue a executar o servizo de forma sucesiva e por prezo unitario”.

A súa codificación correspondente ó código CPV é a que figura no Cadro de Características do Contrato, recolléndose os CPVs:

71240000-2	Servizos de arquitectura, enxeñería e planificación)
71410000-5	Servizos de urbanismo

O presente contrato está suxeito a regulación harmonizada, por superar o valor estimado a cantidade prevista no artigo 22 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público. En consecuencia, o procedemento adecuado para a tramitación do mesmo será o procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, regulado nos artigos 156 e seguintes da LCSP.

Como regra xeral o obxecto do contrato debe dividirse en lotes, se ben, excepcionalmente, o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos que deberán xustificarse debidamente en base a algunha das circunstancias excepcionais previstas no artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Neste caso o contrato non se divide en lotes.

A xustificación da non división en lotes do presente contrato recóllese na memoria, que di o seguinte: “[...] De conformidade co artigo 99.3.b) da Lei de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), non se contempla a división en lotes do contrato por considerar o plan especial como unha figura de planeamento, xestión e protección do ámbito como unha unidade, pois a realización independente das prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a súa correcta execución dende o punto de vista técnico.”

O servizo comprenderá as prestacións mínimas que figuran no prego de prescricións técnicas que formará parte do contrato a todos os efectos.

O contrato executarase con suxeición ao establecido nas súas cláusulas e nos pregos, e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación dea ao contratista o órgano de contratación.

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80014890300T8A7A2F7K6H2 en https://sede.concellodemarin.es</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 30/08/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 30/08/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/08/2024 11:17:33</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-104 Fecha: 22/08/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---



O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

O persoal necesario para desenvolver o presente contrato dependerá exclusivamente do/a adxudicatario/a, quen deberá asumir, de modo real, efectivo e continuo, o poder de dirección inherente a todo empresario e deberá cumprir todas as normas vixentes e obrigas impostas en materia de accidentes, xornada laboral, seguros sociais, mutualismo laboral e demais normas que se diten en relación cos/as traballadores/as empregados/as.

O persoal da empresa adxudicataria en ningún caso poderá considerarse con relación laboral contractual, funcional ou de natureza análoga respecto do Concello.

Todo isto sen prexuízo das facultades de control e inspección do servizo que corresponden ao Concello en relación coa correcta execución do contrato, para o cal deberá designarse polo órgano de contratación un responsable do contrato (art. 62 LCSP) que asumirá as funcións de comprobación, coordinación e vixilancia da correcta realización do servizo contratado nos seus aspectos técnicos.

O adxudicatario debe facilitar aos seus traballadores os elementos persoais e materiais necesarios para levar a cabo o seu traballo.

Existirá un encargado da empresa contratista que dirixirá e organizará a actividade dos traballadores da súa empresa, controlando ademais a execución do servizo, canalizándose a través de tal encargado as posibles incidencias que se formulen na execución dos traballos.

Para garantir un axeitado emprego da modalidade contractual proposta, no desenvolvemento da prestación contratada, o persoal asignado á súa realización, non poderá destinarse a cometidos distintos dos que constitúen o estrito obxecto desta contratación de xeito que se evite o risco de que se consolide como persoal da entidade contratante o procedente das empresas contratadas.

En todo caso, e de conformidade co disposto no art. 308.2 da LCSP, á extinción do presente contrato de servizo, non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realicen os traballos obxecto deste contrato como persoal da entidade local. Así o prevé a cláusula 30.6 do PCAP.

Terceiro. Xustificación da necesidade do contrato e documentación preparatoria.

O artigo 116.4 da LCSP detalla a necesidade de xustificar adecuadamente no expediente de contratación distintos extremos: elección do procedemento de licitación, criterios de solvencia e clasificación, condicións especiais de execución, valor estimado con indicación dos conceptos que o integran, relación entre a necesidade e o obxecto do contrato, informe de insuficiencia de medios nos

CSV: 07E80014890300T8A7A2F7K6H2

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80014890300T8A7A2F7K6H2 en https://sede.concellodemarin.es</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 30/08/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 30/08/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/08/2024 11:17:33</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-104 Fecha: 22/08/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---



contratos de servizos e a decisión, no seu caso, de non dividir en lotes o obxecto do contrato.

Conforme o sinalado nos artigos 28 e 116.4.e) da LCSP, as necesidades que pretenden cubrirse mediante o presente contrato, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas quedaron determinadas con precisión na memoria xustificativa deste expediente de contratación, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación.

“O Plan Xeral de Ordenación Municipal –en diante PXOM- do Concello de Marín, aprobado definitivamente por Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 27.06.2012 (DOG do 09.07.2012 e BOP do 15.10.2012), fai referencia á proposta dun Plan Especial de Protección e Reforma Interior (en diante PEPRI) durante a fase de redacción do Plan Xeral, pero optan por “manter a zona tal e como estaba, polo que respecta ao trazado viario, con pequenos axustes de aliñacións, mais cun rango de protección (...) dada a situación actual e a falta de adecuación urbanística e de xestión, pois sería inviable acometer nestes momentos en Marín unha proposta de PEPRI que producise unha liberalización e recuperación de espazos, así como a procesos de equidistribución. Así pois, nestas zonas procúrase manter a tipoloxía e características actuais, á espera da redacción dun Plan Especial de Protección.”

No artigo 229 do PXOM, defínense os ámbitos de aplicación das Ordenanzas Especiais para as ZACA de maneira provisional, “en tanto en canto non se desenvolva o correspondente Plan Especial de Protección”.

O Concello de Marín non dispón a día de hoxe de medios técnicos propios para abordar a redacción de dito Plan Especial.”

Conforme o disposto no artigo 116.3.f) da LCSP, consta no expediente informe de insuficiencia de medios, no que se xustifica que:

“En virtude da Relación de Postos de Traballo aprobada definitivamente en data 12.07.2017 (BOP n.º 144 de fecha 28.07.2017), non existe persoal adecuado e suficiente para desenvolver de forma adecuada o obxecto do presente contrato, xa que o persoal existente na actualidade, dada a carga de traballo existente, carece de tempo dispoñible para levar a cabo ditas tarefas ou carece da cualificación técnica necesaria para a execución con solvencia o presente contrato, polo que é necesario recorrer a medios externos mediante os mecanismos de contratación pública.

Desta forma, dada a carga de traballo existente, non é posible desenvolver as tarefas obxecto do mencionado contrato de servizos, non dispoñendo tampouco de persoal con cualificación para o desempeño do mesmo.

Por outro lado, segundo o artigo 20.dous da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 prorrogados para o ano 2024, a taxa de reposición de efectivos prevista non permite a contratación do persoal preciso para o desempeño das funcións”

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80014890300T8A7A2F7K6H2 en https://sede.concellodemarin.es</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 30/08/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 30/08/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/08/2024 11:17:33</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-104 Fecha: 22/08/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---

CSV: 07E80014890300T8A7A2F7K6H2



Cuarto. Valor estimado do contrato, orzamento base de licitación e fontes de financiamento.

O valor estimado do contrato (art. 101 LCSP) fíxase no importe de 250.000 € euros. O orzamento base de licitación do contrato ascende a 250.000 euros, IVE excluído, o que fai un orzamento total, IVE incluído, de 302.500 euros. Dito orzamento é susceptible de mellora á baixa, para a execución do obxecto do contrato.

De acordo co artigo 100.2 da LCSP, o orzamento base de licitación aparece desagregado no PCAP.

Para atender as obrigas económicas que se derivan para a administración do cumprimento do contrato, este será financiado pola Xunta de Galicia, a través do Fondo de cooperación concedido mediante Resolución da Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo de data 24.10.2023 e subscrito no convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e o concello de Marín asinado o 15.12.2023. Na cláusula primeira o concello asume o compromiso, entre outros, de destinar as cantidades con cargo ao Fondo de cooperación á elaboración do Plan Especial das dúas zonas históricas do centro urbano de Marín e á xustificación desta actuación obxecto de financiamento, e procederá á devolución do importe con cargo aos Orzamentos de gastos vixentes para cada anualidade.

Ó tratarse dun gasto de carácter plurianual, de conformidade co art. 174 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de maio, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL) e o 79 e seguintes do Real Decreto 500/90, a realización do gasto para os exercicios futuros estará sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos correspondentes.

Neste sentido, o Concello comprométese a consignar nos sucesivos exercicios o crédito adecuado e suficiente para atender os gastos derivados deste contrato que correspondan cada ano, coas limitacións que se determinen nas normas orzamentarias aplicables ó respecto, en cada momento, ás Entidades Locais.

Quinto. Procedemento de adxudicación, forma de tramitación, obrigatoriedade do emprego de medios electrónicos e perfil de contratante.

O presente contrato está suxeito a regulación harmonizada, por superar o valor estimado a cantidade prevista no artigo 22 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público. como se fai constar no Cadro de Características do Contrato.

O artigo 135.1 da LCSP sinala que o anuncio de licitación para a adxudicación de contratos das Administracións Públicas, a excepción dos procedementos negociados sen publicidade, publicarase no perfil de contratante.

Cando os contratos estean suxeitos a regulación harmonizada a licitación deberá publicarse, ademais, no “Diario Oficial da Unión Europea”, que confirmará ó poder adxudicador a recepción do anuncio e a publicación da información enviada,

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80014890300T8A7A2F7K6H2 en https://sede.concellodemarin.es</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 30/08/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 30/08/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/08/2024 11:17:33</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-104 Fecha: 22/08/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---



indicando a data de dita publicación. Esta confirmación constituirá proba da publicación.

Para o caso que nos ocupa, vemos que se optará polo procedemento aberto (arts. 156 e seguintes LCSP), tramitación ordinaria, con pluralidade de criterios de adxudicación (art. 145 LCSP).

Tal e como establece o artigo 146.3 LCSP, “Salvo cando se tome en consideración o prezo exclusivamente, deberá precisarse no prego de cláusulas administrativas particulares ou no documento descritivo a ponderación relativa atribuída a cada un dos criterios de valoración, que poderá expresarse fixando unha banda de valores cunha amplitude máxima adecuada.” O PCAP cumpre con este precepto.

Respéctase tamén a previsión legal de que a documentación relativa aos criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor debe presentarse, en todo caso, en sobre independente do resto da proposición co obxecto de evitar o coñecemento desta última antes de efectuar a valoración daqueles.

O art. 156.1 da LCSP prevé que no procedemento aberto todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

Toda vez que estamos ante un contrato de servizo SARA, o art. 156.2 LCSP dispón que en procedementos abertos de adxudicación de contratos suxeitos a regulación harmonizada, o prazo de presentación de proposicións non será inferior a trinta e cinco días, para os contratos de obras, subministros e servizos, contados desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea, se ben, dito prazo xeral de presentación de proposicións poderá reducirse en cinco días, ó abeiro do art. 156.3.c) LCSP, posto que o PCAP prevé a presentación de ofertas por medios electrónicos.

Tal como esixe o art. 116.4 da LCSP, a elección do procedemento de licitación aparece xustificada na epígrafe 2 do Cadro de características do contrato, na que se indica:

“O procedemento máis adecuado, a tenor do artigo 156 da Lei 9/2017, sería o aberto, de forma que todo empresario poderá presentar unha proposición, garantindo así a maior concorrencia posible”.

Tal e como queda reflectido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) e de conformidade coa Disposición adicional 15ª da LCSP, a presente licitación ten carácter electrónico.

A presentación de ofertas e documentos, así como as notificacións e comunicacións entre o órgano de contratación e os interesados neste procedemento realizarase obrigatoria e exclusivamente de forma electrónica, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

A Resolución nº 632/2018 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais – TACRC -, supuxo o respaldo do Tribunal á obrigatoriedade da

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80014890300T8A7A2F7K6H2 en https://sede.concellodemarin.es</p>	<p>FIRMANTE - FECHA</p> <p>ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 30/08/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 30/08/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/08/2024 11:17:33</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-104 Fecha: 22/08/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---



tramitación electrónica dos procesos de contratación pública tras a entrada en vigor da LCSP.

De conformidade co artigo 63 da LCSP, deberanse publicar no Perfil do Contratante do Concello, os seguintes actos e documentos do expediente de contratación:

a) A memoria xustificativa do contrato, o informe de insuficiencia de medios no caso de contratos de servizos, a xustificación do procedemento utilizado para a súa adxudicación cando se utilice un procedemento distinto do aberto ou do restrinxido, o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que haxan de rexer o contrato ou documentos equivalentes, no seu caso, e o documento de aprobación do expediente.

b) O obxecto detallado do contrato, a súa duración, o orzamento base de licitación e o importe de adxudicación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

c) Os anuncios de información previa, de convocatoria das licitacións, de adxudicación e de formalización dos contratos, os anuncios de modificación e a súa xustificación, os anuncios de concursos de proxectos e de resultados de concursos de proxectos, coas excepcións establecidas nas normas dos negociados sen publicidade.

d) Os medios a través dos que, no seu caso, se publicitou o contrato e os enlaces a esas publicacións.

e) O número e identidade dos licitadores participantes no procedemento, así como todas as actas da mesa de contratación relativas ó procedemento de adxudicación ou, no caso de non actuar a mesa, as resolucións do servizo ou órgano de contratación correspondente, o informe de valoración dos criterios de adxudicación cuantificables mediante un xuízo de valor de cada unha das ofertas, no seu caso, os informes sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade a que se refire o artigo 149.4 e, en todo caso, a resolución de adxudicación do contrato.

Igualmente serán obxecto de publicación no perfil de contratante a decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato, a desistencia do procedemento de adxudicación, a declaración de deserto, así como a interposición de recursos e a eventual suspensión dos contratos con motivo da interposición de recursos.

O acceso ós pregos e demais documentación necesaria para a presentación da oferta estará dispoñible a través do perfil de contratante por medios electrónicos, cuxo acceso será libre, directo, completo e gratuíto, desde a data da publicación do anuncio de licitación.

Todas as especialidades procedimentais relativas á tramitación electrónica do procedemento e á obrigatoriedade do emprego de medios electrónicos na contratación pública, quedaron adecuadamente expostas no prego reitor da

CSV: 07E80014890300T8A7A2F7K6H2

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80014890300T8A7A2F7K6H2 en https://sede.concellodemarin.es</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 30/08/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 30/08/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/08/2024 11:17:33</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-104 Fecha: 22/08/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---



presente contratación e aplicaranse na tramitación do procedemento de adxudicación.

Sexto. Expediente de contratación

Establece o artigo 116.1 da LCSP que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas require a previa tramitación do correspondente expediente de contratación, nos termos e cos documentos a que fai referencia o artigo 116 da LCSP, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato e que deberá ser publicado no perfil de contratante.

Revisado o expediente para a adxudicación do presente contrato de servizos, o mesmo inclúe:

- Memoria xustificativa do contrato (arts. 63.1.a) e 116.4 da LCSP), subscrita pola Arquitecta Ibana Conte García en data 3 de xullo do 2024, en virtude do contrato con número de expediente 2024/CO140-020, na que se atopan xustificados todos os aspectos mencionados no citado artigo 116.4 da LCSP, así como o informe de insuficiencia de medios no que se inclúe a imposibilidade de acometer os servizos con empregados públicos.
- Acordo motivado de incoación do expediente (art. 117 da LCSP e artigo 73.2 do RGLCAP), no que se xustifica a necesidade da contratación para o cumprimento e realización dos fins institucionais do Concello.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que contén os pactos e condicións definidores dos dereitos e obrigas das partes do contrato (art. 116.3 e 122 da LCSP).
- Na Memoria da necesidade inclúese o estudo económico incluíndo de forma pormenorizada os custos laborais para a prestación obxecto deste contrato. Na mesma tamén consta informe motivado acerca da non división en lotes do obxecto do presente contrato.
- Prego de prescricións técnicas que han de rexer o contrato (art. 116.3 e 124 da LCSP).

Dita documentación deberá ser obxecto de publicación no perfil de contratante a tenor do artigo 63.3 LCSP.

Coa emisión do presente informe xurídico dáse cumprimento ó establecido no apartado 8 da Disposición Adicional Terceira da LCSP, que esixe o informe xurídico do Secretario da Corporación na aprobación de expedientes de contratación.

Por tanto, no expediente de contratación figuran os documentos precisos, ós que fai referencia o artigo 116 da LCSP e que se enumeran no presente fundamento xurídico e nos antecedentes deste informe, ós que deberán sumarse, a efectos de completar o expediente e poder proceder á súa aprobación, o informe de fiscalización previa da Intervención municipal e o certificado acreditativo de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa.

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80014890300T8A7A2F7K6H2 en https://sede.concellodemarin.es</p>	<p>FIRMANTE - FECHA</p> <p>ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 30/08/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 30/08/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/08/2024 11:17:33</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-104 Fecha: 22/08/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---



De conformidade co artigo 117.1 LCSP, completado o expediente, ditarase resolución/acordo motivado polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución/acordo implicará tamén a aprobación do gasto. Esta resolución/acordo deberá ser obxecto de publicación no perfil de contratante.

Sétimo. Criterios que se terán en consideración para adxudicar o contrato.

A LCSP determina que a regra xeral será a adxudicación do contrato “utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo” (art. 145.1 LCSP), sendo excepcional a posibilidade de acudir só ao criterio económico.

Esa mellor relación calidade-prezo pode avaliarse con suxeición a criterios económicos: custos, mellor relación custo-eficacia, custo do ciclo de vida, etc. (art. 145.1 LCSP) e cualitativos: valor técnico, características estéticas e funcionais, accesibilidade, deseño universal, características sociais, medioambientais e innovadoras, etc. (art. 145.2 LCSP).

O artigo 145.5 da LCSP establece que os criterios que van servir de base para a adxudicación do contrato “estableceranse nos pregos de cláusulas administrativas particulares ou no documento descritivo, e deberá figurar no anuncio que sirva de convocatoria da licitación, debendo cumprir os seguintes requisitos:

a) En todo caso estarán vinculados ó obxecto de contrato, no sentido expresado no apartado seguinte deste artigo.

b) Deberán ser formulados de maneira obxectiva, con pleno respecto ós principios de igualdade, non discriminación, transparencia e proporcionalidade, e non conferirán ó órgano de contratación unha liberdade de decisión ilimitada.

c) Deberán garantir a posibilidade de que as ofertas sexan avaliadas en condicións de competencia efectiva e irán acompañados de especificacións que permitan comprobar de maneira efectiva a información facilitada polos licitadores co fin de avaliar a medida en que as ofertas cumpren os criterios de adxudicación. En caso de dúbida, deberá comprobarse de maneira efectiva a exactitude da información e as probas facilitadas polos licitadores.

6. Considerarase que un criterio de adxudicación está vinculado ó obxecto do contrato cando se refira ou integre as prestacións que deban realizarse en virtude de dito contrato, en calquera dos seus aspectos e en calquera etapa do seu ciclo de vida, incluídos os factores que interveñen nos seguintes procesos.”

O PCAP, na cláusula 10, establece como criterios de adxudicación os seguintes:

“De acordo co artigo 145 da LCSP, a adxudicación dos contratos realízase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo.

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80014890300T8A7A2F7K6H2 en https://sede.concellodemarin.es</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 30/08/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 30/08/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/08/2024 11:17:33</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-104 Fecha: 22/08/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---



A mellor relación calidade-prezo avaliarase conforme a criterios económicos e cualitativos.

As propostas presentadas puntuaranse cun máximo de 100 puntos, de conformidade cos seguintes criterios cuantificables mediante xuízo de valor e avaliados automaticamente mediante fórmulas:

A. CRITERIOS CUANTIFICABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR 49 puntos

Os criterios cuantificables mediante un xuízo de valor terán unha puntuación máxima de 49 puntos sobre 100.

Presentarase unha proposta razoada e concreta que deberá conter de xeito obrigatorio e exclusivo os apartados que se sinalan a continuación, presentados na mesma orde, en formato A4, tipo de letra Arial de tamaño non inferior a 10, interliñado non inferior a 1.5 e coa extensión non superior a 24 páxinas, portada e índice incluídos. Poden aportarse esquemas, gráficos ou documentos similares de apoio, a maiores dos 12 A4 de extensión de texto, pero sen superar en total as 30 páxinas, isto é, máximo 24 páxinas de texto e máximo de 6 páxinas de documentos de apoio.

Só se valorarán as páxinas que se atopen dentro do máximo establecido anteriormente, deixando liberdade ao licitador para que distribúa o número de páxinas en cada apartado dos que se recollen a continuación:

A.1. Memoria Diagnose: 10 puntos

- Descrición do ámbito no seu estado actual, resaltando os problemas, valores e características principais. (0-3 puntos)

O licitador debe especificar os aspectos e características relevantes dende distintos puntos de vista: usos, espazo público, vexetación, relación con outras áreas do entorno (Escola Naval, Alameda, Ari de Estribela, zona portuaria, etc), calidade da edificación, etc.

- Descrición do ámbito en relación ao seu entorno urbano. (0-3 puntos)

O licitador debe especificar os espazos urbanos que afectan ao ámbito, área de Defensa, zona portuaria, vías de comunicación, infraestruturas, etc. describindo as súas características en relación ao ámbito e os problemas que poidan xurdir.

- Valoración crítica dos problemas, retos, oportunidades e necesidades. (0-4 puntos)

Valorarase o coñecemento do ámbito, a claridade expositiva e a capacidade de síntese.

A.2. Proposta metodolóxica : 12 puntos

- Descrición da metodoloxía a empregar. (0-4 puntos)

CSV: 07E80014890300T8A7A2F7K6H2

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80014890300T8A7A2F7K6H2 en https://sede.concellodemarin.es</p>	<p>FIRMANTE - FECHA</p> <p>ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 30/08/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 30/08/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/08/2024 11:17:33</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-104 Fecha: 22/08/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---



O licitador exporá a súa proposta metodolóxica xeral para o desenvolvemento do traballo, en relación aos obxectivos que se pretenden acadar e o traballo a realizar por cada un dos integrantes do equipo.

- Sistematización inicial e descrición dos estudos que se propón realizar. (0-4 puntos)

O licitador fará un elenco dos traballos iniciais de recollida de información e mostras que propón realizar, incluíndo todos os elementos que considere de relevancia para a metodoloxía de traballo e o seu resultado final.

- Descrición das relacións e xerarquía entre os paquetes que se propoñen na metodoloxía de traballo. (0-4 puntos)

O licitador fará unha valoración da súa proposta metodolóxica, dende o período de recollida de información á entrega do borrador inicial, especificando os paquetes que considere de maior relevancia e establecendo una liña de precedencia entre eles, en función dos obxectivos que se pretenden cumprir.

A.3. Programación dos traballos: 9 puntos

O licitador fará unha estimación cronolóxica das fases que propón para o desenvolvemento dos paquetes da súa metodoloxía, de forma que se cumpra o prazo previsto para a redacción do plan especial, principalmente na fase de redacción do Borrador do Plan. A partir de aí, descontando os prazos de tramitación administrativa, programaranse as demais fases tendo en conta as descritas no PPT. Terase en consideración a redución de prazo ofertada polo licitador.

A.4. Propostas de participación cidadá: 10 puntos

- Sectores cidadáns aos que se debe dirixir. (0-5 puntos)

O licitador debe facer unha descrición xeral dos axentes que considera actualmente implicados tanto na xestión ordinaria do ámbito e as demais áreas do entorno, e especificar aqueles grupos de especial relevancia e aqueles que considera excluídos na actualidade e que deberían ser implicados nos distintos niveis de uso e xestión do ámbito.

- Accións posibles a desenvolver en función dos sectores a implicar. (0-5 puntos)

O licitador deberá indicar unha serie de accións que considere básicas para obter información esencial e implicar aos sectores e axentes que considere necesarios tanto no desenvolvemento do PEPRI como na posterior xestión sostible do ámbito, o seu grado de implicación e un esquema de xerarquía ou trama de relacións entre eles.

A.5. Propostas de comunicación e divulgación: 8 puntos

O licitador deberá facer unha proposta para comunicar, de acordo coas directrices do Concello de Marín, os avances do plan especial ou os achados de importancia ou dignos de ser coñecidos por un sector máis amplo da cidadanía.

CSV: 07E80014890300T8A7A2F7K6H2

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80014890300T8A7A2F7K6H2 en https://sede.concellodemarin.es</p>	<p>FIRMANTE - FECHA</p> <p>ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 30/08/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 30/08/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/08/2024 11:17:33</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-104 Fecha: 22/08/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---



Establecerá aquí, polo tanto, un esquema de plan de comunicación do avance do plan especial.

B. CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA: 51 puntos

B.1. Proposta económica: 13 puntos

A puntuación outorgarase acorde á seguinte fórmula elixida por repartir todos os puntos de forma proporcional:

Todos os valores numéricos redondearanse ao segundo decimal e serán inadmitidas na súa totalidade as proposicións nas que se oferte un prezo superior ao valor estimado recollido no apartado 4 deste documento, IVE excluído. Nin o prezo ofertado, IVE excluído, nin a partida correspondente ao IVE, nin o sumatorio de ambas cifras poderá exceder do importe sinalado no apartado 4.

B.2. Criterios sociais: 8 puntos

Compromiso de incorporación de traballadores en prácticas para o fomento do emprego de mocidade e outros sectores vulnerables que a persoa ou entidade licitadora se compromete a empregar laboralmente para a prestación do contrato

2 puntos por cada traballador/a en prácticas ata un máximo de 8 puntos

**Comprobación: TC1, TC2, presentación de contrato, certificado de alta na Seguridade Social

B.3. Melloras de calidade: 30 puntos

- Contido en redes sociais. (3 puntos)

O licitador presentará unha proposta de xerar contidos para as redes sociais (Instagram, Facebook, YouTube, Tik Tok, etc.) que expliquen os avances do traballo, coa intención de implicar os distintos sectores sociais. Mínimo unha por trimestre.

Concederase a máxima puntuación á oferta de maior número de contidos xerados, repartíndose os puntos aos demais licitadores de maneira proporcional, mediante unha regra de tres.

**Comprobación: seguimento das redes sociais

- Asistencia a reunións e charlas informativas. (3 puntos)

O licitador presentará compromiso de dispoñibilidade de preparación e asistencia ás charlas informativas que se consideren necesarias para dar difusión ao Plan, e audiencia aos grupos sociais e axentes afectados, como complemento do plan de divulgación que propoña, empregando igualmente as redes sociais propostas.

Compromiso mínimo: reunión inicial de información e posta en marcha, reunión informativa previa á apertura do período de alegacións e á presentación final dos traballos (0 puntos)

CSV: 07E80014890300T8A7A2F7K6H2

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80014890300T8A7A2F7K6H2 en https://sede.concellodemarin.es</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 30/08/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 30/08/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/08/2024 11:17:33</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-104 Fecha: 22/08/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---



Concederase a máxima puntuación á proposta que faga a oferta do maior número de reunións divulgativas, de maneira razoada e coherente co prazo de redacción, o seu plan de comunicación e o seu programa para redes sociais, repartíndose os puntos aos demais licitadores de maneira proporcional, mediante unha regra de tres.

****Comprobación:** Seguimento das reunións organizadas, segundo as propostas do licitador.

- Incorporación de especialista xurídico/a ao equipo mínimo. (2 puntos)

Concederase un máximo de 2 puntos pola incorporación dun/ha titulado/a en Dereito ou similar ao equipo mínimo en función do tempo de dedicación. (menos de 12 meses – 1 punto; 12 meses ou máis – 2 puntos)

****Comprobación:** Presentación da titulación e compromiso de adscripción de dito especialista ao equipo durante o tempo de dedicación ofertado.

- Incorporación de especialista sociólogo/a ou xeógrafo/a ao equipo mínimo. (2 puntos)

Concederase un máximo de 2 puntos pola incorporación dun/ha sociólogo/a ou xeógrafo/a ao equipo mínimo en función do tempo de dedicación. (menos de 12 meses – 1 punto; 12 meses ou máis – 2 puntos)

****Comprobación:** Presentación da titulación e compromiso de adscripción de dito especialista ao equipo durante o tempo de dedicación ofertado.

- Incorporación de especialista en economía ao equipo mínimo. (2 puntos)

Concederase un máximo de 2 puntos pola incorporación dun/ha titulado/a en economía/administración de empresas ao equipo mínimo en función do tempo de dedicación. (menos de 12 meses – 1 punto; 12 meses ou máis – 2 puntos)

****Comprobación:** Presentación da titulación e compromiso de adscripción de dito especialista ao equipo durante o tempo de dedicación ofertado.

- Incorporación de especialista historiador/a con estudos en arqueoloxía ou historiador/a da arte ao equipo mínimo. (2 puntos)

Concederase un máximo de 2 puntos pola incorporación dun/ha historiador/a con estudos en arqueoloxía ou historiador/a da arte ao equipo mínimo en función do tempo de dedicación. (menos de 12 meses – 1 punto; 12 meses ou máis – 2 puntos)

****Comprobación:** Presentación da titulación e compromiso de adscripción de dito especialista ao equipo durante o tempo de dedicación ofertado.

-Incorporación dun técnico especialista en información xeográfica ao equipo mínimo. (2 puntos)

Concederase un máximo de 2 puntos pola incorporación dun/ha técnico/a con formación específica en información xeográfica ao equipo mínimo en función do tempo de dedicación. (menos de 12 meses – 1 punto; 12 meses ou máis – 2 puntos)

CSV: 07E80014890300T8A7A2F7K6H2

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80014890300T8A7A2F7K6H2 en https://sede.concellodemarin.es</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 30/08/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 30/08/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/08/2024 11:17:33</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-104 Fecha: 22/08/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---



****Comprobación:** Presentación da titulación e compromiso de adscrición de dito especialista ao equipo durante o tempo de dedicación ofertado.

- Elaboración de cartografía adicional, fotografías aéreas e vistas 3D. (9 puntos)

Concederáse un máximo de 3 puntos pola incorporación do levantamento de plantas, alzados e seccións de edificios de uso e/ou propiedade pública con detalle da escala 1:100, así como daqueles outros que o plan prevea integrar ao ámbito do PEPRI. O licitador que non o incorpore non obterá puntuación neste apartado.

Concederáse un máximo de 3 puntos pola incorporación de imaxes aéreas de alta resolución xeorreferenciadas. O licitador que non o incorpore non obterá puntuación neste apartado.

Concederáse un máximo de 3 puntos pola incorporación de drons, a fotogrametría e a representación 3D mediante "nubes de puntos" do conxunto histórico, rúas, volumetrías, cruces, espazos libres, etc. O licitador que non o incorpore non obterá puntuación neste apartado.

****Comprobación:** Presentación do compromiso de elaboración de dita documentación.

- Achega da ordenación con visor 3D. (5 puntos)

Concederáse un máximo de 5 puntos ao licitador que inclúa unha publicación navegable que permita acceder facilmente dende a web municipal á información do plan especial nas diferentes fases da tramitación, permitindo ademais a consulta do PEPRI aprobado definitivamente.

****Comprobación:** Achega dun arquivo electrónico que permita apreciar a funcionalidade e aparencia a modo de exemplo sobre un ámbito similar."

Neste procedemento contémpanse dous tipos de criterios de adxudicación, aqueles que fan referencia a características do obxecto do contrato avaliábles mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos e aqueles cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor, dando preponderancia ós primeiros, en cumprimento da esixencia contida no art. 145.4 LCSP.

Os criterios de valoración están definidos no PCAP con suficiente grao de precisión. O PCAP sinala unha puntuación máxima para cada un dos criterios avaliábles mediante xuízo de valor e concreta os aspectos concretos que en relación con dito criterio van ser tidos en conta na valoración, tal como esixe a doutrina dos nosos tribunais contractuais (Resolucións do TACRC nº 203/2016, nº 923/2014, nº 102/2013 e nº 263/2011, entre outras).

En consecuencia, o PCAP que ha de rexer este procedemento de contratación acomódase ó establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, no que se refire ós criterios de adxudicación.

Oitavo. Prego de cláusulas administrativas particulares.

CSV: 07E80014890300T8A7A2F7K6H2

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80014890300T8A7A2F7K6H2 en https://sede.concellodemarin.es</p>	<p>FIRMANTE - FECHA</p> <p>ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 30/08/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 30/08/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/08/2024 11:17:33</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-104 Fecha: 22/08/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---



Indícase no mesmo os códigos CPV descritores do obxecto do contrato.

O PCAP expresa tamén o orzamento base de licitación, estimado sobre a base do estudio económico de custos do servizo que obra no expediente, así como as aplicacións orzamentarias con cargo ás que se abonará o prezo do contrato.

A cláusula 3 do PCAP fixa tanto a duración inicial do contrato en cinco anos, sen posibilidade de prórroga.

Os criterios de valoración das ofertas previstos na cláusula 10 do PCAP están directamente vinculados ó obxecto do contrato, incluíndo varios criterios de adxudicación, sendo tres deles avaliados automaticamente mediante a aplicación de fórmulas matemáticas (mellor oferta económica e dotar o servizo dunha APP), e outros dous susceptibles de xuízo de valor (plan de xestión e explotación e plan de mantemento da instalación). Os primeiros representan o 60% da puntuación total e os criterios non aritméticos o 40%- cúmprese co disposto no art. 146.2 LCSP, que dispón: “Cando se utilicen unha pluralidade de criterios de adxudicación, na súa determinación, sempre e cando sexa posible, darase preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos”.

Tal e como establece o art. 146.3 LCSP, “Salvo cando se tome en consideración o prezo exclusivamente, deberá precisarse no prego de cláusulas administrativas particulares ou no documento descritivo a ponderación relativa atribuída a cada un dos criterios de valoración, que poderá expresarse fixando unha banda de valores cunha amplitude máxima adecuada”. O PCAP cumpre con este precepto.

O prego de cláusulas administrativas particulares axústase no seu contido ó disposto no artigo 122.2 da LCSP, incorporando os pactos e condicións definidores dos dereitos e obrigas que asumirán as partes en virtude do contrato e incluíndo mención expresa a todos os extremos enumerados no citado precepto, polo que se informa favorablemente, en canto á legalidade das súas cláusulas.

En relación co contido do prego de cláusulas administrativas particulares cabe facer as seguintes observacións:

1. Anuncio no DOUE.

Tal e como se indica na cláusula 11 do PCAP, por tratarse dun contrato suxeito a regulación harmonizada, o anuncio de licitación do contrato publicarase no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante.

O prazo de presentación de proposicións será de trinta (30) días naturais desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea, en cumprimento do art. 156.3.c) da LCSP, posto que as ofertas se presentarán obrigatoriamente por medios electrónicos.

2. Solvencia.

CSV: 07E80014890300T8A7A2F7K6H2

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80014890300T8A7A2F7K6H2 en https://sede.concellodemarin.es</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 30/08/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 30/08/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/08/2024 11:17:33</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-104 Fecha: 22/08/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---



A cláusula 8 do PCAP concreta a clasificación e os requisitos mínimos de solvencia esixidos para este contrato, así como os medios admitidos para a súa acreditación.

3. Clasificación.

Para os contratos de servizos non será esixible a clasificación da persoa empresaria. Para participar no procedemento os licitadores deberán cumprir cos criterios e requisitos mínimos de solvencia económica e financeira e de solvencia técnica ou profesional, nos termos establecidos nos artigos 87 e 90 da LCSP.

Neste caso o servizo a prestar non se encadra en ningunha das epígrafes vixentes para a clasificación dos servizos, de acordo co disposto no Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

4. Condicións especiais de execución.

O artigo 202.1 da LCSP establece que, en todo caso, será obrigatorio establecer polo menos unha das condicións especiais de execución de carácter social, ético, medioambiental ou doutra orde, de entre as que enumera o artigo 202.2 LCSP. Caso de non inclusión, debe motivarse a mesma, xustificando as razóns da non relación co obxecto do contrato.

Por isto, as cláusula 22.4 do PCAP, establece como condicións especiais de execución: “- Adscrición á execución do contrato dos medios sinalados na oferta.

O equipo técnico a incorporar tras a formalización do contrato para a execución dos traballos deberá estar formado polos compoñentes e perfís relacionados na oferta adjudicataria e, consecuentemente, valorados e de acordo ao compromiso e á adscrición efectiva de medios persoais e materiais.

En caso de modificación ou substitución de recursos, deberase comunicar previamente ao responsable do contrato designado polo Concello, coa antelación necesaria, e polo menos 10 días naturais previos á realización do cambio de recurso. Aprobarase ou denegarase a modificación ou substitución. En todo caso as persoas substitutas terán un perfil igual ou superior ao ofertado, ou ao recurso a substituír.

O órgano de contratación poderá solicitar cambio dos recursos asignados á execución do contrato, por inadecuación ou por incumprimento dos requisitos tanto de solvencia como técnicos esixidos, ou declarar o contratista unhas circunstancias que non son veraces, neste caso poderá levar á resolución do contrato.

- Cumprimento da normativa en materia de protección de datos

No caso de que a execución do contrato implique a cesión de datos ao contratista por parte do Concello, ou calquera outra administración competente, será condición especial de execución a obriga por parte do contratista de someterse á

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80014890300T8A7A2F7K6H2 en https://sede.concellodemarin.es</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 30/08/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 30/08/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/08/2024 11:17:33</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-104 Fecha: 22/08/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---



normativa nacional e á da Unión Europea en materia de protección de datos mencionada.

- Fomento de accións que faciliten a conciliación de vida laboral e familiar.

A empresa adxudicataria realizará durante a execución do contrato accións de sensibilización, formación e orientación dentro da xornada laboral, para o coñecemento dos dereitos establecidos na lei ou nos convenios colectivos de aplicación, en materia de conciliación da vida laboral e familiar das persoas traballadoras. Esta formación debe incluír, no seu caso, ás persoas que xestionan os recursos humanos da empresa e deberán ser impartidas por persoas, entidades ou consultoras expertas

A persoa ou empresa contratista deberá establecer medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral de todos os traballadores adscritos á execución do presente contrato.

Antes de que transcorran 15 días hábiles dende a formalización do contrato, a persoa ou a empresa contratista deberá presentar unha proposta, que deberá ser aprobada polo Concello de Marín, onde se especifiquen, de forma detallada, as medidas de conciliación previstas, o calendario de aplicación e as medidas de seguimento e avaliación.

A citada condición especial de execución é considerada obriga contractual de carácter esencial. O seu incumprimento determinará que o órgano de contratación proceda a resolver o contrato por incumprimento culpable segundo o artigo 211.f) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, e a declaración da prohibición de contratar durante o prazo máximo de tres anos en calquera procedemento público de licitación co Concello de Marín, conforme ao artigo 71.2. c) e 72 da LCSP.”

5. Mesa de contratación.

O órgano de contratación estará asistido por unha mesa de contratación, cuxa composición se axusta ó establecido no artigo 326 e na Disposición adicional segunda da LCSP e publicárase no perfil de contratante.

6. Documentos a presentar polos licitadores, forma e contido das proposicións.

O contido das proposicións detállase na cláusula 14 do PCAP, que prevé a presentación da oferta en tres sobres/arquivos electrónicos, ó valorarse criterios cuxa ponderación dependa de xuízo de valor.

Tal e como esixe a D.A. 15 da LCSP, a presentación de ofertas e documentos, así como as notificacións e comunicacións entre o órgano de contratación e os interesados neste procedemento realizarase obrigatoria e exclusivamente por medios electrónicos, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (cláusula 14 do PCAP), sendo excluídos aqueles licitadores que presenten as súas proposicións en formato papel.

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80014890300T8A7A2F7K6H2 en https://sede.concellodemarin.es</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 30/08/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 30/08/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/08/2024 11:17:33</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-104 Fecha: 22/08/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---



7. Ofertas anormalmente baixas.

O PCAP establece os parámetros obxectivos para identificar as ofertas anormalmente baixas na súa cláusula 15.

8. Garantía provisional.

A participación no procedemento non require da constitución de garantía provisional, seguindo a regra xeral do artigo 106 LCSP, que establece que non procederá a súa esixencia, salvo cando de forma excepcional o órgano de contratación, por motivos de interese público, o considere necesario.

9. Garantía definitiva.

A súa esixencia figura na cláusula 12 do PCAP, e ascende ó 5% do prezo ofertado polos cinco anos, sen IVE (art. 107 LCAP).

10. Indicación dos dereitos e deberes das partes do contrato.

Os dereitos e deberes do adxudicatario figuran recollidos nas cláusulas 29 e 30 do PCAP.

11. Referencia ó réxime de pagos (art. 198 LCSP).

Este aspecto figura recollido na cláusula 6 do PCAP.

12. Admisión de variantes ou alternativas.

O PCAP non admite a presentación de variantes de acordo co disposto no cadro de características do contrato.

13. Subcontratación.

Admítese a subcontratación parcial das prestacións obxecto do contrato cos requisitos que establece o art. 215.2 LCSP.

O contratista deberá comunicar por escrito ó órgano de contratación a intención de celebrar os subcontratos, sinalando a parte da prestación que se pretende subcontratar, o seu importe e o perfil empresarial dos subcontratistas.

O PCAP (cláusula 27) contén os requisitos para a subcontratación, prevé a imposición de penalidades por incumprimento das obrigas relativas á subcontratación e a posibilidade de que o Concello comprobe o cumprimento polo contratista da súa obriga de abonar ós subcontratistas o prezo pactado.

14. Cesión do contrato.

De conformidade co previsto no artigo 214 da LCSP, e a tenor do disposto na cláusula 27 do PCAP os dereitos e obrigas dimanantes do contrato poderán ser cedidos polo contratista a un terceiro sempre que as cualidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato e da cesión non resulte unha restrición efectiva da competencia no mercado.

15. Penalidades.

CSV: 07E80014890300T8A7A2F7K6H2

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80014890300T8A7A2F7K6H2 en https://sede.concellodemarin.es</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 30/08/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 30/08/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/08/2024 11:17:33</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-104 Fecha: 22/08/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---



As establecidas con carácter xeral na LCSP e as expresamente mencionadas na cláusula 37 do PCAP.

16. Modificación do contrato.

O prego non prevé modificacións contractuais (cláusula 31), nin revisión de prezos (cláusula 7).

17. Resolución do contrato.

Terá lugar polas causas establecidas con carácter xeral na LCSP e as previstas na cláusula 34 do PCAP.

18. Réxime de recursos.

Tal e como consta na cláusula 39 do PCAP, o contrato é susceptible de impugnación en vía contencioso-administrativa e de recurso especial en materia de contratación, potestativo e previo á interposición do recurso contencioso-administrativo.

Noveno. Órgano competente para a contratación.

O órgano competente para contratar, a teor da previsión da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, é a Alcaldía, se ben, dita competencia foi obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local desta entidade, mediante resolución de data 20/06/2023.

CONCLUSIÓNS:

Por todo o exposto, conclúese que o expediente para a contratación do servizo de “Servizo de redacción dos plans especiais de protección e reforma interior dos dous ámbitos delimitados polo PXOM como zonas ambientais de casco antigo (Z.A.C.A.) Concello de Marín.” adecúase ó previsto na normativa vixente.

En data 29/08/2024 foi emitido informe de fiscalización favorable polo servizo de Intervención

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, de conformidade co art. 150.2 da LCSP 9/2017, e no exercicio da delegación conferida por resolución da Alcaldía do 20/06/2023, por unanimidade dos membros presentes, **acorda:**

Primero. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, do contrato de **“Servizo de redacción dos plans especiais de protección e reforma interior dos dous ámbitos delimitados polo PXOM como zonas ambientais de casco antigo (Z.A.C.A.) Concello de Marín.”**, por un importe de 250.000 €, correspondentes ó valor estimado.

Segundo. Aprobar o gasto, por importe de 302.500 €, con cargo ós Orzamentos municipais do Concello de Marín vixentes durante as anualidades do contrato.

Terceiro. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de prescricións técnicas que han de rexer a contratación mediante procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada, con pluralidade de criterios de adxudicación (avaliabes mediante xuízo de valor e cuantificables mediante a

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80014890300T8A7A2F7K6H2 en https://sede.concellodemarin.es</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 30/08/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 30/08/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/08/2024 11:17:33</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-104 Fecha: 22/08/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---



mera aplicación de fórmulas establecidas nos pregos), tramitación ordinaria e licitación electrónica do presente contrato de servizos.

Cuarto. Proceder á apertura do procedemento de adxudicación do presente contrato por procedemento aberto, mediante a publicación do pertinente anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE) e no perfil de contratante deste Concello, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, para que no prazo de trinta (30) días naturais, a contar desde a data de envío do anuncio á oficina de Publicacións da Unión Europea (art. 156.3.c LCSP), presenten as proposicións que se estimen pertinentes.

As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse obrigatoria e exclusivamente por medios electrónicos, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público [<https://www.contrataciondelestado.es>]; en tres sobres ou arquivos electrónicos, cos requisitos e contido esixidos na cláusula 14 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto. Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación esixida polo artigo 63.3 da LCSP, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas.

E para que así conste, coa salvedade a que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expídese a presente certificación, por orde e co visto e prace da Sra. Alcaldesa-presidenta, en Marín, na data que figura ó pé deste documento, que é asinado dixitalmente.

Vº e prace,
A ALCALDESA

María Ramallo Vázquez

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80014890300T8A7A2F7K6H2 en https://sede.concellodemarin.es</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 30/08/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 30/08/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/08/2024 11:17:33</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-104 Fecha: 22/08/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	--

CSV: 07E80014890300T8A7A2F7K6H2

